

## **Resolución pola que se incorporan, modifican ou suprimen epígrafes referentes ás tarifas do imposto sobre actividades económicas respecto das previstas no artigo 8.1**

### **Antecedentes**

1. Con data do 5 de maio de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (CIM) do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a adquisición de bicicletas con pedaleo asistido e bicicletas de man híbridas ou eléctricas para cadeiras de rodas, en réxime de concorrencia non competitiva, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para as anualidades 2023 e 2024.

O artigo 8 da dita orde prevé que poderán ser entidades colaboradoras as entidades privadas con personalidade xurídica, validamente constituídas, así como os empresarios individuais, sempre que, en ambos os casos, teñan o seu domicilio social ou algún establecemento comercial ou, de ser o caso, sanitario aberto ao público na Comunidade Autónoma de Galicia e que acrediten as condicións de solvencia técnica e económica que se establecen neste artigo.

Entre estas condicións, indícase que os ditos establecementos comerciais ou, se é o caso, sanitarios deberán estar abertos ao público na Comunidade Autónoma de Galicia e dedicarse de forma total ou parcial á venda de bicicletas con pedaleo asistido e/ou bicicletas de man eléctricas ou híbridas, establecendo expresamente que os ditos centros deberán desenvolver unha actividade que se enmarque nunha ou varias das epígrafes correspondentes ás tarifas do imposto sobre actividades económicas (IAE), aprobado polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, que cita expresamente.

2. No prazo transcorrido dende a publicación da orde de convocatoria púxose de manifesto a existencia de establecementos que desenvolven actividades incluídas na **epígrafe 615.1**, Comercio polo maior de vehículos e os seus accesorios; tendo en conta que as epígrafes referentes ao comercio polo maior habilitan tamén para a realización de comercio polo polo miúdo estímase que é axeitada a inclusión no mesmo da venda de bicicletas como as que son obxecto da presente liña de subvencións.

### **Fundamentos legais e técnicos**

Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 5, planta1ª  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 581  
[mobilidade.cim@xunta.gal](mailto:mobilidade.cim@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





O Orde da CIM do 27 de abril de 2023 establece como requisito para obter a condición de entidade colaboradora o desenvolvemento dunha das actividades correspondentes aos epígrafes do IAE que cita no seu artigo 8, habilitando na súa disposición derradeira primeira, á persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade para incorporar novas epígrafes referentes ás tarifas do imposto sobre actividades económicas ás previstos no artigo 8.1, ou suprimir ou modificar as inicialmente indicados, atendendo ao ámbito de comercialización dos bens subvencionables, e indicando que as modificacións indicadas serán aplicables a partir da súa publicación na web <https://ebici.xunta.gal>.

A epígrafe 615.1 do IAE, refírese á actividade de comercio polo maior de vehículos, motocicletas, bicicletas e os seus accesorios; pola súa parte, a letra c) da regra 4.2 do Real decreto legislativo 1175/1990 establece que *o pagamento das cotas correspondentes ao exercicio de actividades de comercio polo maior faculta para a venda ao miúdo, así como para a importación e exportación das materias ou produtos obxecto daquelas*. Polo tanto, pode considerarse incluído no dito epígrafe a realización da actividade obxecto da presente liña de subvencións.

Polo exposto,

## RESOLVO

**Incorporar** ás epígrafes do IAE establecidas no artigo 8 da Orde da CIM do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a adquisición de bicicletas con pedaleo asistido e bicicletas de man híbridas ou eléctricas para cadeiras de rodas, en réxime de concorrencia non competitiva, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para as anualidades 2023 e 2024, a epígrafe:

- **Epígrafe 615.1.- Comercio polo maior de vehículos, motocicletas, bicicletas e os seus accesorios.**

Para efectos de coñecemento e aplicabilidade, a presente resolución será obxecto de publicación na web <https://ebici.xunta.gal>.

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra

